

Expediente IET: P-21-116
Proxecto: Parque eólico Castro Valente
Concello: Padrón (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra)
Promotor: Iberdrola Renovables Galicia, S.A

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 02/12/2021 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico Castro Valente.

1. Antecedentes:

Con datas do 16/04/2021 e do 08/11/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu informes sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. No último informe indicábase que o contido do EIIP debía emendarse e completarse para a súa adaptación á Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe e ao Regulamento da Lei 7/2008, ao tempo que se concluíu que as análises do impacto e as medidas preventivas e correctoras non resultaban axustadas á entidade do proxecto, e indicábanse criterios e recomendacións para o axuste das medidas preventivas e correctoras.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Informe:

A documentación achegada consiste nunha actualización do EIIP do proxecto para se axustar ás distintas consideracións efectuadas polo IET no informe de data 08/11/2021. Neste novo EIIP complétase a análise relativa á incidencia visual do parque sobre os núcleos de poboación máis próximos, e amplíanse as medidas preventivas e correctoras do impacto.



Á vista destes novos contidos do EIIP pode considerarse que queda cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

En referencia ás medidas preventivas e correctoras cabe sinalar as seguintes cuestións:

- En referencia aos materiais e acabados para o edificio da subestación, se ben non se especifican materiais e cores, resulta axeitada a previsión de utilizar materiais e técnicas construtivas acordes coa contorna, polo que quedan cumprimentadas as directrices de paisaxe DX.17.c.4 e DX.20.m. Así mesmo, debido a que as masas arbóreas existentes no lugar de implantación son plantacións madeireiras, su presenza e capacidade de amortecemento está ligada ao ciclo produtivo, polo que considérase axeitada a previsión dunha pantalla vexetal permanente de especies autóctonas distribuída nos bordos perimetrais propostos, o que da cumprimento ás directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.
- Respecto da proposta de pantallas vexetais nos núcleos rurais próximos, debe terse en conta que, de acordo ao disposto na directriz de paisaxe DX.20.c, esta medida debe adoptarse no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, e sempre consensuadas cos veciños afectados. De ser o caso, as zonas propostas resultan axeitadas sempre que a súa posición non prexudique a visibilidade de elementos de interese paisaxístico cultural (edificacións civís ou relixiosas de interese arquitectónico), etnográfico (petos de ánimas, muros de peche tradicional, hórreos, etc.) ou natural (árbores senlleiras, carballeiras, etc.).
- En canto ás consideracións expresadas respecto do impacto visual sobre o Castro Valente, non se achega estudo de posibles medidas que minimicen o forte impacto visual (directriz de paisaxe DX23 epígrafes g e i). En todo caso, as únicas medidas viables son as preventivas (modificando as posicións dos aeroxeradores máis próximos) toda vez que calquera medida de apantallamento visual resultaría incompatible con preservar os valores panorámicos do castro.

Lémbrese que, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

